



**Federación
Galega
de Ximnasia**

ESTATUTOS

EDICCIÓN 2021

ACROBÁTICA



AEROBIC



A. FEMININA



A. MASCULINA



X. ESTÉTICA



X. PARA TODOS



PARKOUR



RÍTMICA



TRAMPOLÍN



I.-TITULO I.- DISPOSICIÓN XERAIS

CAPÍTULO I.- DENOMINACIÓN, NATUREZA XURÍDICA, OBJETO SOCIAL E DOMICILIO

Artigo 1.- A FEDERACIÓN GALEGA DE XIMNASIA, a partires de agora F.G.X., é unha entidade privada, con personalidade xurídica propia, sen ánimo de lucro, o seu ámbito de territorialidade comprende a Comunidade Autónoma de Galicia no desenvolvemento das competencias que lle son propias, estando integrada por:

- a.-Entidades deportivas.
- b.-Deportistas.
- c.-Técnicos.
- d.-Xuíces- árbitros.
- e.-Directivos
- f.-Outros colectivos, escolas municipais, entidades privadas, dedicados á práctica do deporte de ximnasia.

As modalidades que se desenvolverán serán:

- a.- Ximnasia Acrobática
- b.- Ximnasia Aeróbic
- c.- Ximnasia Artística Feminina
- d.- Ximnasia Artística Masculina
- e.- Ximnasia Para Todos
- f.- Ximnasia de Trampolín
- g.- Ximnasia Rítmica
- h.- Ximnasia Estética
- i.- Parkour

A F.G.X., ademais das competencias que lle son propias, exerce por delegación funcións públicas de carácter administrativo actuando como axente colaborador de Administración Pública.



Artigo 2.- F.G.X. organízase orgánica e funcionalmente de forma democrática e representativa, con personalidade xurídica e patrimonio propio e independente do dos seus asociados, e plena capacidade de obrar, coas limitacións sinaladas por lei e disposicións vixentes, e pode adquirir, para os seus propios fins bens de toda clase, mobles e inmo- bles, contratar e obrigarse para o cumprimento das súas finalidades e está suxeita ás súas propias responsabilidades.

F.G.X. atópase integrada na Real Federación Española de Ximnasia ostentando, de maneira exclusiva, a representación desta dentro da Comunidade Autónoma de Galicia no referente ó deporte de ximnasia, conservando en tal integración a súa personalidade xurídica, o seu patrimonio propio e diferenciado, o seu presuposto e o seu réxime xurí- dico particular.

Artigo 3.- A F.G.X. ten como obxecto social promover, dirixir e ordenar exclusivamente dentro de Galicia, sen prexuízo das competencias concorrentes das distintas Adminis- tracións Públicas, as actividades propias da súa modalidade deportiva, en coordinación cos organismos correspondentes da Xunta de Galicia, e rexerese pola lei 03/2012 e as súas normas de desenvolvemento, por estes Estatutos e os seus regulamentos, polos da Real Federación Española de Ximnasia.

A F.G.X. é a única entidade competente dentro da Comunidade Autónoma de Galicia para promover, regulamentar, organizar, xestionar e controlar as competicións oficiais de acrobacia, aeróbic, ximnasia artística feminina, ximnasia artística masculina, ximnasia rít- mica deportiva, trampolín, e ximnasia para todos, Ximnasia Estética e parkour.

Artigo 4.- Son funcións propias da Federación Galega de Ximnasia as que seguen:

- a.-A promoción e divulgación da ximnasia en tódalas súas facetas.
- b.-Respaldo técnica e administrativamente a práctica da ximnasia velando ante os organismos competentes polo apoio a este deporte dentro de Galicia.
- c.-A convocatoria das seleccións deportivas e a elección dos seus integrantes
- d.-Colaborar coa Administración Autonómica na execución dos plans e programas dos deportistas de alto nivel.
- e.-Colaborar coa Administración Autonómica na formación de técnicos e xuíces o seu perfeccionamento permanente.



- f.-Colaborar e/ou organizar, de acordo a normativa que se aplique, competición nacionais/ internacionais que se realicen na Comunidade Autónoma Galega.
- g.-Elaborar os seu propios Regulamentos e Estatutos
- h.-Colaborar coas administracións públicas e coa federación española de ximnasia, así como, coas restantes entidades deportivas na promoción das súas respectivas modalidades
- i.- Calquera outras que lle sexan atribuídas pola Lexislación vixente ou que acorde, no ámbito da súa, competencia a Asemblea Xeral

Os actos realizados pola F.G.X. no exercicio das funcións públicas de carácter administrativo, son susceptibles de recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

Artigo 5.- Son funcións públicas delegadas e exercense en réxime de exclusividade pola F.G.X. as que seguen:

- a.-Representar a Comunidade Autónoma de Galicia nas competicións deportivas de Ximnasia, en calquera das súas modalidades, de acordo a normativa aplicada en cadanseu momento.
- b.- Organizar as competicións Autonómicas federadas.
- c.- Expedir as licenzas deportivas para a práctica da Ximnasia en calquera das modalidades nos termos que se establezan.
- d.-Asignar as subvencións de carácter público concedidas a través desta federación e controlar a correcta aplicación por parte dos asociados.
- e.- Garantir o cumprimento das normas de réxime electoral nos distintos procesos electivos dos órganos de goberno así como os demais dereitos e obrigas do cumprimento dos estatutos.
- f.- Exercer a potestade disciplinaria nos termos establecidos por esta lei, polas disposicións posteriores, polos propios estatutos e regulamentos federativos.
- g.- Executar, de ser o caso, as resolucións do Comité Galego de Xustiza Deportiva.
- h.- Colaborar coas administracións competentes na prevención, no control e represión do consumo de substancias e grupos farmacolóxicos prohibidos así coma a violencia no deporte. Para iso esta federación instruirá e resolverá os expedientes sancionadores no ámbito da dopaxe de acordo coa lexislación en vigor.
- i.- Calquera outra que regulamentariamente se determine.



Estas funcións serán realizadas de forma directa sen posibilidade de delegación sen autorización da Administración Deportiva.


Artigo 6.- O domicilio social da F.G.X. establécese en Ourense, R/ Carlos Maside s/n. Para o traslado do domicilio a outra localidade, que deberá ser sempre dentro do territorio da Comunidade Autónoma Galega, será necesario o acordo maioritario da Asemblea Xeral reunida en Asemblea Extraordinaria.

A Comisión Delegada por maioría dos seus membros e cando as circunstancias o aconsellen, poderán acordar o cambio de domicilio social dentro da mesma localidade. En ambos casos, o traslado do domicilio social deberá ser notificado ós afiliados e a Administración Deportiva Autonómica.




CAPÍTULO II.- ESTRUCTURA TERRITORIAL

Artigo 7.- O ámbito de actuación da federación Galega de Ximnasia é o territorio autónomo de Galicia.



Artigo 8.- A FGX estruturarase territorialmente en catro Delegacións Provinciais.

Artigo 9.- As Delegacións axustarán a súa actividade ás normas ditadas pola FGX a través dos órganos que correspondan.



Artigo 10.- Ao fronte de cada Delegación estará un Delegado/a e, a ser posible, un/unha secretario/a nomeada por el/ela.


Os titulares das Delegacións serán nomeados ou cesados polo/a Presidente/a da FGX, de acordo co artigo 32 dos presentes estatutos.

CAPITULO III.- REQUISITOS PARA SER MEMBRO DA F.G.X., DEREITOS E DEBERES


Artigo 11.- As entidades deportivas poderán integrarse, na F.G.X., a petición, atendendo aos seguintes criterios:



- a.- Que teñan o seu domicilio social e desempeñen a súa actividade en Galicia.
- b.- Encontrarse constituídos conforme ós requisitos esixidos para cada modalidade pola lexislación vixente e inscritos no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia.
- c.-Mostrar o compromiso a cumprir os Estatutos e Regulamentos da F.G.X. e someterse á autoridade dos órganos federativos, en relación coas materias da súa competencia.




Artigo 12.-Os mesmos criterios e requisitos, no que sexa de aplicación, rexerán para a integración na F.G.X. dos deportistas, técnicos- adestradores, xuíces e outros colectivos interesados, se os houbera.



Artigo 13.-.- Todo o que se integre na F.G.X. poderá integrarse, se así o solicita, a tódolos efectos na Real Federación Española da mesma especialidade deportiva.

Artigo 14.- A integración na F.G.X producirase mediante a expedición, por parte desta, da correspondente licenza federativa ou documento de afiliación ou inscrición. Dita expedición será acordada pola Xunta Directiva da F.G.X..



Artigo 15.-Contra a denegación, que deberá ser motivada, caberá recurso ante o Comité de Disciplina da F.G.X.. en primeira instancia e ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, se fose necesario.

Artigo 16.- En todo caso, para a participación en actividades ou competicións deportivas oficiais de ámbito autonómico será preciso estar en posesión de licenza ou documento de afiliación expedido pola F.G.X.

Artigo 17.- Poderá perderse a condición de Federado:

- a.- A petición propia.
- b.- Por cese na actividade que deu lugar a inscrición.
- c.- Por acordo da Asemblea Xeral e por maioría simple dos asistentes, por falta grave ou moi grave, previo expediente disciplinario sancionador a proposta do Comité de Disciplina da F.G.X., oído/a o/a interesado/a e cumpridas as normas xerais administrativas nesa materia.



Artigo 18.- Tódolos membros da FGX teñen dereito a:

- a.- Recibir a tutela da mesma con respecto ós seus intereses deportivos comúns e individuais.
- b.- Participar nas súas actividades.
- c.- Participar na elección e funcionamento dos seus órganos, de acordo cos presentes estatutos e cos regulamentos internos.
- d.- Recorrer ante os órganos federativos, Administración Deportiva Autonómica e/ou Tribunais de Xustiza aquelas decisións federativas que considere contrarias a Lei e/ou aos Estatutos e Regulamentos federativos.

Artigo 19.- Os membros da F.G.X. teñen o deber de:

- a.- Compartir as finalidades da Federación e colaborar para a consecución das mesmas.
- b.- Pagar as cotas, derramas e outras apartacións que, de acordo aos Estatutos, poidan corresponderlle.
- c.- Cumprir o resto de obrigas que resulten das disposicións estatutarias.
- d.- Acatar os acordos dos seus órganos, sen que isto obste ó seu dereito de recorrer, ante as instancias federativas competentes e, no seu caso, ante os Tribunais de Xustiza ou Administración Deportiva Galega, segundo proceda, aqueles que considere contrarios a Dereito, e sen prexuízo de acudir a conciliación extraxudicial ou arbitrase nos términos previstos nas Leis.

II.- TITULO II.- DOS ORGANOS DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN

CAPITULO I.- NORMAS XERAIS

Artigo 20.- Son órganos de goberno e representación da FGX a Asemblea Xeral e o/a Presidente/a

No seno da Asemblea Xeral deberá constituírse unha Comisión Delegada de asistencia á mesma.




Artigo 21.- Serán órganos electivos da FGX o/a Presidente/a, a Asemblea Xeral e a Comisión Delegada no ámbito das súas respectivas competencias.

Os membros dos demais órganos e comités , serán designados e revocados libremente polo Presidente coas excepcións que figuren nos presentes Estatutos e na normativa vixente.

Artigo 22.- O nomeamento ou renovación dos membros dos órganos de goberno e representación, dos órganos complementarios, e dos comités que puideran crearse dentro da Federación, deberán ser comunicados a tódolos membros da Asemblea Xeral e a Dirección Xeral para o Deporte nun prazo máximo de 15 días a partir da data do nomeamento.

Artigo 23.- Os órganos de goberno e representación reuniranse na forma e términos establecidos nestes estatutos; os seus acordos, salvo disposición expresa que dispoña o contrario, adoptaranse por maioría simple; en caso de empate o/a Presidente/a terá voto de calidade. Os acordos poderán ser impugnados de conformidade co disposto na lexislación aplicable e nos presentes Estatutos.



Artigo 24.- A responsabilidade dos membros dos órganos da Federación no exercicio da súas funcións será esixida no ámbito disciplinario de conformidade co disposto na Lei 03/1012, do 2 de abril , do Deporte de Galicia

Artigo 25.- Son requisitos xerais para ser membro de calquera órgano da FEDERACIÓN GALEGA DE XIMNASIA, sen prexuízo do establecido regulamentariamente, os seguintes:

- a.-Ter a condición de cidadán de Galicia, segundo o disposto no artigo 3 da Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia.
- b.-Ser maior de dezoito anos e estar en pleno uso dos dereitos civís.
- c.-Non estar suxeito á corrección disciplinaria de carácter deportivo que o inhabilite.
- d.-Non ter sido condenado mediante sentenza penal firme que leve anexa pena principal ou accesoria de inhabilitación absoluta ou especial para cargo público.
- e.-Non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade establecida legalmente ou nos presentes estatutos.



- f.-Reunir os condicións específicas propias de cada estamento

CAPITULO II.- DA ASEMBLEA XERAL

SECCION PRIMEIRA.- NATUREZA, COMPOSICIÓN, NOMEAMENTO E CESE

Artigo 26.- A Asemblea Xeral é o órgano superior de goberno e representación da FEDERACIÓN GALEGA DE XIMNASIA, no que estarán representados os seguintes estamentos:

- a.-Deportistas
- b.-Entidades deportivas escritas no Rexistro de Entidades Deportivas da Xunta de Galicia e no Rexistro de Clubs da FGX.
- c.-Xuíces/zas
- d.-Técnicos/as
- e.-Outros Colectivos. A representación deste estamento será decisión da Asemblea Xeral no momento de aprobar o Regulamento Electoral en cada convocatoria


Artigo 27.- A Asemblea Xeral estará constituída polo/a Presidente/a da FGX e polos representantes recollidos no artigo anterior, tendo estes últimos a condición de electores elixibles se reúnen as seguintes condicións :

- a.-Os deportistas maiores de idade que cumpran os demais requisitos previstos na norma autonómica que resulte de aplicación
- b.-As entidades deportivas inscritas na FGX, nas mesmas circunstancias que as sinaladas no apartado anterior.
- c.-Os xuíces de calquera dos nove colectivos, Aeróbic, Acrobacia, Artística Feminina, Artística Masculina, Ximnasia Rítmica, Trampolín, Ximnasia Para Todos Ximnasia Estética e Parkour integran esta FGX, nas mesmas circunstancias que as sinaladas no parágrafo a.
- d.-Os técnicos con titulación oficialmente recoñecida de cada un dos colectivos que corresponden a cada unha das sete modalidades de ximnasia nas mesmas circunstancias que as sinaladas no parágrafo a.
- e.-Outros colectivos nas mesmas circunstancias que as sinaladas no parágrafo a.




2.- Poderán asistir con dereito a voz, pero sen voto:

- a.- Os/As compoñentes da Xunta Directiva que non o sexan da Asemblea Xeral
- b.- Un/Unha representante de cada un dos colectivos de Xuíces, de Adestradores/as e de Ximnastas, que non teñan representación no estamento correspondente, e que reúnan as condicións sinaladas no parágrafo a.




Artigo 28.- A representación na Asemblea Xeral dos distintos estamentos, de acordo co establecido no artigo 15 destes Estatutos responderá as proporcións fixadas no Regulamento Electoral de cadansúa convocatoria de acordo coa lexislación vixente en cada momento.

Artigo 29.- A convocatoria de eleccións deberá indicar expresamente a porcentaxe concreta de representación que corresponde a cada un dos estamentos na Asemblea Xeral



Artigo 30.- Os/As membros da Asemblea Xeral e a Comisión Delegada cesarán polas seguintes causas :

- 
- a.- Defunción.
 - b.- Disolución da entidade á que representan.
 - c.- Expiración do mandato para o que foi elixido.
 - d.- Renuncia voluntaria ou dimisión.
 - e.- Estar incurso en causa de inelixibilidade ou incompatibilidade legal ou estatutaria.
 - f.- Sanción disciplinaria imposta en forma regulamentaria que implique o cese no cargo que ostenta.
 - g.- Perda dos requisitos polos que foron elixidos no seu respectivo estamento.

Artigo 31.- As vacantes que se produzan na Asemblea Xeral antes das seguintes eleccións xerais á mesma, serán cubertas, dentro de cada estamento e de maneira sucesiva, polos candidatos que no proceso electoral obtivesen maior número de votos despois dos que resultaron electos e, a falta destes, mediante a realización de eleccións parciais sempre que, neste último caso, as vacantes superen o 20% dos membros da Asemblea Xeral.

Os elixidos para ocupar as vacantes ás que se refire o apartado anterior ostentarán ou seu mandato polo tempo que falte para a celebración das seguintes eleccións xerais.



SECCIÓN SEGUNDA.- REXIME DE FUNCIONAMIENTO

I.-COMPETENCIAS

Artigo 32.- A Asemblea Xeral, en canto órgano máximo de goberno e representación da Federación, pode adoptar calquera acordo ou decisión sobre a mesma, con sometemento ás regras de competencia e procedemento. Especialmente son competencias da Asemblea Xeral, as seguintes:

- a.- A aprobación e modificación dos Estatutos da F.G.X.
- b.- A elección mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto do Presidente e da Comisión Delegada da F.G.X., así como o cese e a moción de censura ó Presidente.
- c.- Aprobación e liquidación do presuposto anual da F.G.X., no derradeiro trimestre do exercicio económico.
- d.- Aprobación do programa ou calendario deportivo anual a desenvolver pola F.G.X. e das bases ou regulamentos que rexerán a competición.
- e.- Aprobación da creación de órganos territoriais da F.G.X.
- f.-Aprobación do Regulamento de Eleccións á Asemblea, Presidente e da Comisión Delegada da F.G.X..
- g.- Aprobación do Regulamento sobre conciliación extraxudicial ou arbitrase.
- h.- Aprobación do Regulamento de Disciplina Deportiva
- i.-Establecer os criterios que terá que observar a Comisión Delegada na aplicación do proxecto do calendario deportivo, dos presupostes e dos regulamentos.
- k.- Calquera outra competencia da FGX que non estea expresamente atribuída polos presentes estatutos a outro órgano.


II.- CONVOCATORIA

Artigo 33.- A Asemblea Xeral será convocada polo/a Presidente/a da F.G.X., con un mínimo de 10 días naturais de antelación á data da súa celebración, no taboleiro de anuncios da F.G.X., debendo incluír necesariamente os puntos da orde do día a tratar, ademais da notificación individual a cada un dos membros á dirección que deberá constar na FGX. A notificación remitirase por calquera medio que permita ter constancia da recepción, cunha antelación mínima de corenta e oito horas. Os defectos formais na convocatoria non darán lugar a nulidade da Asemblea sempre e cando os membros da mesma





recibisen a convocatoria coa orde do día no prazo establecido e , en todo caso, a Asemblea será válida, sen necesidade de ningún outro requisito, sempre que concorran a totalidade dos membros da mesma.

A orde do día das Asembleas Ordinarias deberá ser modificada, no sentido de incorporar novos puntos, a petición fundada duna quinta parte dos membros da Asemblea Xeral e sempre que esta incorporación se solicite cunha marxe de tempo suficiente para que poida ser notificada a tódolos membros da Asemblea Xeral mediante a notificación e a publicación no taboleiro de anuncios da F.G.X.A cunha antelación mínima de 3 días á data de celebración.



Artigo 34 .- O Presidente da F.G.X. deberá convocar unha Asemblea Xeral Ordinaria anualmente antes do inicio da nova tempada deportiva para tratar os asuntos propios da xestión e, como mínimo, para aprobación da Memoria anual de actividades, a aprobación do novo presuposto e a liquidación das propostas que formulen os membros da Asemblea, da Comisión Delegada, da Xunta Directiva e o/a Presidente/a.



Tódalas demais Asembleas terán carácter extraordinario e serán convocadas polo/a Presidente/a da F.G.X.A sempre que o estime oportuno, ou a petición dun número de membros que integran a Asemblea non inferior, ó 25%. Neste caso, os solicitantes deberán formular unha petición por escrito dirixido ao/á Presidente/a da .F.G.X., indicando os puntos que compoñerán a orde do día. O/a Presidente/a, no prazo máximo de 10 días naturais dende a entrada da petición no rexistro da Federación Galega de Ximnasia deberá convoca-la Asemblea Xeral con carácter extraordinario, con requisitos de forma sinalados nestes estatutos, e coa orde do día solicitado, sen incluír ningún outro punto , a celebrar nun prazo non superior a 20 días naturais dende a convocatoria. Caso de negativa pasiva expresa do Presidente a efectuar a convocatoria, ou pasados 10 días dende que a solicitude fose efectuada sen ter sido respondida, os solicitantes poderán facer uso dos dereitos que a lexislación vixente establece, ante a Administración Deportiva Autónoma para a convocatoria dos órganos colexiados de goberno.

Cando o Presidente da F.G.X. aprecie a existencia duna situación urxente que non permita demora na convocatoria da Asemblea Extraordinaria, poderá convocala sen suxeición a prazo nin requisito de forma algunha salvo a citación persoal dos asembleístas que poidan ser localizados nos domicilios que consten na FGX. En todo caso a Asemblea requirirá



como mínimo a presenza de 2/3 dos seus membros e antes de analizar a orde do día pronunciárase previamente, por maioría de asistentes, sobre a urxencia da convocatoria e a necesidade ou non da súa celebración. En todo caso unha Asemblea convocada desta forma non poderá modificarse os estatutos.

A Administración Autonómica Deportiva, ou órgano que a substituíra, convocará a Asemblea Xeral ou a Comisión Delegada, para debate e resolución, se procede, de asuntos e cuestións determinadas, cando aquelas non se convocasen por que ten a obriga estatutaria ou legal de facelo en tempo regulamentario.

Artigo 35.- A Asemblea Xeral quedará validamente constituída en primeira convocatoria, cando a ela asistan a metade máis un dos seus membros.

En segunda convocatoria será válida sexa cal sexa o número de asistentes sen que en ningún caso poida ser inferior a tres. Deberá mediar un mínimo de media hora entre a primeira e a segunda convocatoria.

III.- ADOPCIÓN DE ACORDOS

Artigo 36.- Non será admisible en modo ningún para a formación da vontade dos órganos colexiados da F.G.X. nin para o establecemento do seu quórum o voto por correo nin a delegación de voto, e será por tanto, necesaria a presenza física dos seus membros. Exceptúanse as eleccións dos membros da Asemblea Xeral, se así se aprobase no Regulamento Electoral.

As entidades poderán ser representadas de conformidade os seus propios Estatutos.

Artigo 37.- As votacións no seno da Asemblea Xeral realizaranse de acordo con o que decida a maioría, respectando a solicitude de voto secreto.

Artigo 38.- A Asemblea Xeral será presidida polo/a Presidente/a da FGX, e o seu voto será de calidade en caso de empate. Os acordos adoptáranse por maioría simple dos asistentes, agás as excepcións previstas nos presentes estatutos ou noutras normas legais ou regulamentarias.



Aos efectos de cómputo de quórum e maiorías, cando estes se conformen cun número impar de asembleístas, computáranse sempre por exceso e con referencia ó número daqueles efectivamente existentes como membros da Asemblea, descontadas as vacantes.

Os membros da asemblea poderán votar afirmativamente ou negativamente ou ben votar a abstención. Cando o voto sexa de abstención, non se computará para a obtención da maioría, téndose en conta os votos afirmativos e os negativos.

Artigo 39.- De tódolos acordos adoptados na Asemblea Xeral e Comisión Delegada levantárase acta polo Secretario das mesmas, especificando os datos seguintes:

- a.-Lugar e data da reunión.
- b.-Día, mes e ano.
- c.-Hora en que comeza e remata a sesión.
- d.-Nome e apelidos do/a Presidente/a, do Secretario e dos restantes membros asistentes.
- e.-Carácter ordinario ou extraordinario da sesión e si se celebra en primeira ou segunda convocatoria.
- f.-Asuntos que se examinen e acordos que sobre dos mesmos recaian.
- g.-Resultados das votacións e, no seu caso, os votos particulares contrarios o acordo adoptado e as abstencións motivadas.
- h.-Cantos incidentes se produzan durante o acto e foran dignos de salientar ao xuízo do/a Secretario/a.
- i.- De todos estes acordos darase publicidade a través da WEB cun estrato, e envío da mesma por Correo Electrónico.

Os votos contrarios ao acordo adoptado ou as abstencións motivadas eximirán a quen os remita de calquera responsabilidade derivada de tales acordos.

Artigo 40.- Os acordos da Asemblea Xeral e da Comisión Delegada, serán vinculantes e de obrigatorio cumprimento para a totalidade dos órganos, persoas e entidades que integran a F.G.X. e terán forza executiva a partir da data da súa adopción.



Artigo 41.- A Asemblea Xeral non poderá adoptar ningún acordo ou realizar ningún acto que poida comprometer de forma irreversible o seu patrimonio ou actividade que constitúe o obxecto propio da F.G.X..

CAPÍTULO III.- DA COMISIÓN DELEGADA

I.-NATUREZA, CONSTITUCIÓN, COMPOSICIÓN E FUNCIONAMENTO

Artigo 42.-No seno da Asemblea Xeral deberá constituírse unha Comisión Delegada que terá carácter electivo e será un órgano de goberno e representación da F.G.X..

A Comisión Delegada será elixida pola Asemblea Xeral na primeira reunión que este celebre despois da súa constitución mediante sufraxio entre os membros da mesma. O seu mandato coincidirá co da Asemblea Xeral. No caso de producirse algunha vacante cubrirase co seguinte candidato mais votado.

A Comisión Delegada estará composta por representantes cada un dos estamentos sinalados con anterioridade: clubs, técnicos/as, xuíces/zas e ximnastas. O número de representantes de cada un virá marcado polo regulamento electoral correspondente.

O/a Presidente/a da F.G.X. convocará á Comisión Delegada que se reunirá como mínimo tres veces ao ano para os fins da súa competencia e ó menos para realizar o seguimento da xestión deportiva e económica da F.G.X..

Corresponde á Comisión Delegada da Asemblea Xeral:

- a.-A elaboración dun informe previo á aprobación dos presupostos.
- b.-A modificación do calendario deportivo.
- c.-A modificación dos presupostos aprobados, se fose necesario, e dos regulamentos.
- e.-O seguimento da xestión deportiva e económica da F.G.X..
- f.-Calquera outro que a Asemblea Xeral delegue dentro das súas competencias



As modificacións non poderán exceder dos límites e criterios que a propia Asemblea Xeral estableza.

A proposta sobre os temas que se van tratar na Comisión Delegada corresponde ao/á Presidente/a ou a catro dos membros da mesma

Os membros da Comisión Delegada cesarán polas mesmas causas cos da Asemblea Xeral, e tamén por deixar de ser membro desta última.

A convocatoria da Comisión Delegada corresponderalle ao/á Presidente da F.G.X., debendo ser notificada ós seus membros cunha antelación de sete días naturais, e os acordos adoitaranse por maioría simple, agás que estatutariamente se dispoña outro quórum.

Para o non previsto nos parágrafos anteriores, aplicaranse as previsións establecidas para a Asemblea Xeral, en canto non sexan incompatibles coa natureza da Comisión Delegada.

Artigo 43.- A Xunta Directiva, a Comisión Delegada e a Asemblea Xeral (neste último caso en situacións moi especiais) poderán constituírse e adoptar acordos por medios electrónicos. O presidente poderá acordar a celebración de reunións por medios electrónicos, para todas as sesións ordinarias e extraordinarias ou so para sesións puntuais. Dito acordo, será notificado aos membros que as conforman e especificará:

- O medio electrónico por o que se remitirá a convocatoria.
- O medio electrónico por o que se celebrará a reunión.
- O medio electrónico por o que se poderá consultar a documentación relativa aos puntos da orde do día e o tempo durante o que estará dispoñible a información.
- O medio electrónico para realizar votacións no caso de ser necesarias.
- O modo de participar nos debates e deliberacións e o período de tempo durante o que terán lugar.

O sistema garantirá a seguridade, integridade, confidencialidade e autenticidade da información, establecéndose un servizo electrónico de acceso restrinxido para los membros de cadanseu órgano de goberno.



II.-IMPUGNACIÓN DOS ACORDOS DOS ORGANOS COLEXIADOS.

Artigo 44.- Os acordos dos órganos colexiados poderán ser impugnados, se así se estima oportuno, ante Administración Autonómica Deportiva, o Comité Galego de Xustiza Deportiva ou a Xustiza Ordinaria segundo proceda.

CAPÍTULO IV.- O/A PRESIDENTE/A

Artigo 45.- O/A presidente da F.G.X. é o órgano executivo e de representación a F.G.X., convoca e preside os órganos de goberno e representación e executa os acordos dos mesmos.

Artigo 46.- Será elixido mediante sufraxio universal, igual e secreto polos/as compoñentes da Asemblea Xeral, sen que teña que ser membro desta.

Artigo 47.- A duración do cargo de Presidente será de 4 anos, e deberá renovarse nos anos nos que coincidan as Olimpíadas de Inverno.

No caso de que, excepcionalmente, quede vacante a Presidencia antes de que transcorra o prazo para o que foi elixido, considerarase dimisionaria toda a Xunta Directiva, constituíndose a Comisión Delegada en Comisión Xestora, presidida polo membro de maior idade. Convocará a Asemblea Xeral, e esta acordará unha nova elección do Presidente para cubrir a vacante polo tempo que falte ata a terminación do prazo correspondente ó mandato ordinario. Se a vacante se produce por prosperar unha moción de censura, estarase ó disposto no artigo 50 destes estatutos.

Artigo 48.- O desempeño do cargo de Presidente será causa de incompatibilidade coas seguintes actividades:

- a.-Ocupación de cargos federativos noutras Federacións Deportivas; agás a Real Federación Española de Ximnasia.
- b.-Desenvolvemento de actividades ou desempeño de cargos en asociacións deportivas, ou clubs dependentes integrados na F.G.X..



- c.-A persoa que resulte elixida como Presidente da F.G.X. deberá cesar en todo tipo de actividades directivas, actividades técnicas e de representación no deporte específico e no ámbito territorial da Federación.

Non existirá incompatibilidade, en ningún caso coa práctica activa do deporte fora do ámbito federativo.

Artigo 49.- O/A Presidente/a cesará por:

- a.-Transcurso do prazo polo que foi elixido.
- b.-Dimisión.
- c.-Incapacidade física ou psíquica para continuar no exercicio do seu cargo.
- d.-Por incorrer en causa de inelixibilidade, ou incompatibilidade, se ben, neste último caso disporía dun prazo dun mes para cesar no posto que resulte incompatible co de Presidente/a.
- e.-Aprobación duna moción de censura pola Asemblea Xeral.

Artigo 50.- A moción de censura ao/á Presidente/a poderá ser presentada polos membros da Asemblea Xeral que constitúan ó menos a maioría legal da mesma mediante escrito presentado no Rexistro da F.G.X.. En dita petición deberán solicitar do/a Presidente/a a convocatoria dunha Asemblea Xeral Extraordinaria con dita moción como único punto da Orde do Día así como propoñer un candidato alternativo á Presidencia.

Para a convocatoria da Asemblea Xeral Extraordinaria a que se refire este artigo, estarase ó disposto no artigo 35 destes estatutos. A sesión da Asemblea Xeral en que se debata a moción de censura, estará presidida polo membro de maior idade. Non será válido o voto por correo nin a asistencia por representación.

Se a moción de censura non prosperase, non poderá presentarse unha nova dentro do mesmo período de mandato, como tampouco poderá presentarse, caso de prosperar, contra o candidato investido en dita moción polo tempo que falte para concluír o período ordinario dun ano.




TÍTULO III.- ÓRGANOS COMPLEMENTARIOS DOS DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN

Artigo 51.- Son órganos complementarios dos de goberno e representación da F.G.X. para asistir ó Presidente:

- a.-A Xunta Directiva.
- b.-O/A Secretario/a Xeral.
- c.-O/A Secretario/a Técnico/a
- d.-O/A Tesoureiro/a.

CAPÍTULO I.- A XUNTA DIRECTIVA

Artigo 52.- 1.- A Xunta Directiva é o órgano colexiado de xestión da F.G.X. os seus membros designados e revocados libremente polo Presidente.

- 
- a.-O número de membros será establecido polo/a Presidente/a e non poderá ser inferior a 5 nin superior a 15.
 - b- O Presidente elixirá entre os membros da súa Xunta Directiva un Vicepresidente, que o será tamén da F.G.X., quen substituirá ao/á Presidente/a por delegación, imposibilidade física ou ausencia temporal; un/unha Secretario/a Técnico/a que, a súa vez, o será dos Comités Técnicos F.G.X., así como un/unha Tesoureiro/a.
 - c.-Tales cargos, en canto baseados na confianza, poderán ser removidos polo/a Presidente/a cando o considere conveniente.
 - d.-Os membros da Xunta Directiva que non o sexan da Asemblea Xeral, terán acceso ás sesións da mesma, con dereito a voz pero sen voto.
 - e.-Tódolos cargos son honoríficos e, non poderá establecerse unha compensación económica a favor de algún dos seus membros.

2.- A Xunta Directiva reunírase en sesión ordinaria, cando menos, unha vez cada tres meses. As demais sesións serán extraordinarias.

A convocatoria correspóndelle ao/á Presidente/a, que a notificará cunha antelación mínima de 48 horas. Non será esixible o transcurso do tempo citado cando tódolos



membros da Xunta Directiva estiveran presentes e unanimesmente decidiran convocar e celebrar unha sesión.

Para o previsto neste paragrafo, aplicarase o disposto para o funcionamento da Comisión Delegada.

CAPÍTULO II.- O/A SECRETARIO/A XERAL


Artigo 53.-O/A Presidente/a da F.G.X. nomeará a un/unha Secretario/a Xeral , o cal exercerá as funcións de feudatario, e mais especificamente:

- a.-Levantar actas das sesións dos órganos de goberno e representación da F.G.X., co contido determinado nestes Estatutos, a custodia das mesmas e dos arquivos da federación
- b.-Expedir as certificacións oportunas das actas dos órganos de goberno e representación.
- c.-Remitir á Secretaria Xeral para o Deporte as actas das reunións a Asemblea Xeral e da Comisión Delegada no prazo de 15 días dende a data da súa celebración, así como as convocatorias das mesmas.
- d.-Levar os libros de actas individualizados para cada órgano colexiado, os libros de rexistro e os arquivos da F.G.X..
- e.-Preparar as reunións dos Órganos Colexiados nos que actúa como Secretario/a e a documentación correspondente.
- f.-Velar polo cumprimento dos acordos adoptados.
- g.-Cantas funcións lles encomenden os estatutos e regulamentos da F.G.X., ou lle sexan delegados polo/a Presidente/a.

CAPÍTULO III.- O/A SECRETARIO/A TECNICO/A

Artigo 54.-O/A Presidente/a da F.G.X. nomeará a un/unha Secretario/a Técnico/a , o cal exercerá as funcións seguintes:

- a.-Actuar como secretario/a de tódolos comités técnicos. Terá voz pero non voto.



- b.-Preparar as reunións dos Órganos Colexiados nos que actúa como Secretario/a e a documentación correspondente.
- c.-Levantar acta das reunións dos mesmo.
- d.-Ser o/a responsable de tódolos campionatos en representación da F.G.X.
- e.-Preparar a memoria anual da F.G.X.
- f.-Velar polo cumprimentados acordos adoptados.

CAPÍTULO IV.- O/A TESOUREIRO/A

Artigo 55.- O/A Presidente/a da F.G.X. nomeará a un/unha Tesoureiro Exercherà como funcións propias:

- a.-Levar a contabilidade da Federación.
- b.-Exercer a inspección económica de tódolos órganos da F.G.X..
- c.-Elaborar e presentar os Balances e informes á Comisión Delegada do estado contable da F.G.X., e confeccionar a liquidación do presuposto.
- d.-Calquera outra función que lle encomenden o/a Presidente/a, os Estatutos ou os Regulamentos da F.G.X..

No suposto de que non se nomeara Tesoureiro/a, o/a Secretario/a Xeral será o responsable de exercer as funcións anteriores, podendo delegalas na persoa que considere oportuna.

CAPÍTULO V.- NORMAS XERAIS

Artigo 56.- Para ser nomeado membro da Xunta Directiva, Secretario/a Xeral ou Secretario/a Técnico/a non será necesario formar parte da Asemblea Xeral, nin da F.G.X.

Artigo 56.- 1.- Os membros da Xunta Directiva cesarán polas seguintes causas:

- a.-Baleiro na Presidencia, sen prexuízo da súa conversión en Comisión Xestora nos casos previstos nos Estatutos.
- b.-Dimisión.
- c.-Falecemento ou incapacidade física ou psíquica para continuar no exercicio do seu cargo.



- d.-Por incorrer en causa de inelixibilidade, ou incompatibilidade.
- e.-Cesados directamente polo/a Presidente/a.
- f.-Por ter prosperado unha moción de censura contra o/a Presidente/a.

Artigo 58.-Os/As Secretarios/as, Xeral e Técnico/a, e o/a Tesoureiro/a continuarán no desempeño das súas funcións, si ben, o novo/a Presidente/a deberá, dentro dos 15 días seguintes ó da toma de posesión do seu cargo, confirmalos ou cesalos nos seus cargos.

Artigo 59.- A Xunta Directiva como órgano colaborador do/a Presidente/a non terá competencias propias e exercerá por delegación as que lle encomende o/a Presidente/a que poderá nomear e cesar en calquera momento.

Artigo 60.- Os asuntos ordinarios de trámite serán despachados polo/a Presidente/a e os/as Secretarios/as, Xeral e Técnico/a.

TÍTULO IV.- DOS ORGANOS TÉCNICOS E ASESORES

CAPÍTULO I.- COMISIONS EN XERAL.

Artigo 61.- 1- A Federación creará, previa aprobación pola Asemblea Xeral, polo menos as seguintes comisións:

- a.-Os Comités de Disciplina Deportiva: Comité de Competición ou Xuíz único e Comité de Apelación.
- b.-Comité de Xuíces Árbitros.
- c.-Escola Galega de Ximnasia.
- d.-Un Comité técnico por cada modalidade ximnástica, coa función de elaborar e presentar os programas técnicos para a súa aprobación pola Asemblea Xeral:

- Comité Técnico de Aeróbic.
- Comité Técnico de Ximnasia Acrobática
- Comité Técnico de Ximnasia Artística Feminina.
- Comité Técnico de Ximnasia Artística Masculina
- Comité Técnico de Ximnasia Rítmica
- Comité Técnico de Trampolín




- Comité Técnico de Ximnasia para Todos
- Comité Técnico de Ximnasia Estética
- Comité Técnico de Parkour

Tódalas Comisións rexeranse polos seus respectivos regulamentos internos e, no seu caso, pola normativa nacional unificada e emanada da Real Federación Española de Ximnasia da mesma modalidade, pola lexislación aplicable, e polo disposto nos presentes Estatutos.

Tódolos comités serán presididos polo/a Presidente/a da F.G.X, ou pola persoa na que delegue, e os seus membros serán nomeados por el/ela.



CAPÍTULO II.- COMITÉ DE XUÍCES-ARBITROS



Artigo 62.- No seno da Federación constituirase, de maneira obrigatoria, un Comité de Xuíces ou Árbitros.

Este Comité poderá adoptar a estrutura territorial da F.G.X..

Serán funcións deste Comité:

- 
- 
- a.-Establecer os niveis de formación de xuíces.
 - b.-Clasificar tecnicamente aos xuíces, en función de criterios prefixados pola Asemblea Xeral, propoñendo á Xunta Directiva a adscrición ás categorías correspondentes. Estas clasificacións comunicaranse á Asemblea Xeral.
 - c.-Propoñer á Xunta Directiva as normas administrativas que regulan a arbitrase, para a súa posterior aprobación pola Asemblea Xeral.
 - d.-Designar os xuíces nas competicións oficiais de ámbito galego.
 - e.-Colaborar cos órganos competentes da Federación.

V.- TÍTULO V: RÉXIME ELECTORAL

V.1- CAPÍTULO I.- OS CENSOS

Artigo 63.- Compoñerán os censos correspondentes a cada estamento electoral tódolos membros da F.G.X. que reúnan os requisitos establecidos para cada estamento nos presentes Estatutos e no Regulamento Electoral.



V.2.- CAPÍTULO II.- REGULAMENTO ELECTORAL

Artigo 64.- Os procesos electorais desenvólvanse conforme ó Regulamento Electoral que deberá ser aprobado pola Asemblea Xeral, a proposta do Presidente, e regulará as seguintes cuestións:

- a.- Número de membros da Asemblea Xeral; circunscrición electoral e número de representantes que por cada circunscrición electoral corresponda a cada un dos estamentos.
- b.- Circunscricións electorais.
- c.- Calendario electoral.
- d.- Censo electoral.
- e.- Composición, competencias e funcionamento da Xunta Electoral.
- f.- Requisitos para presentación e proclamación de candidatos.
- g.- Procedemento de resolución de conflitos, impugnacións e reclamacións así como os recursos electorais.
- h.- Regulación de voto por correo nas eleccións á Asemblea Xeral. Non poderá existir na elección a Presidente/a e Comisión Delegada
- i.- Composición, competencia, funcionamento e colocación das mesas electorais.
- k.- Elección do Presidente.
- l.- Elección da Comisión Delegada.

O Regulamento Electoral deberá ser ratificado pola Administración Deportiva Autonómica.

CAPÍTULO III.- A COMISIÓN XESTORA

Artigo 65.- Acordada a convocatoria de eleccións pola Asemblea Xeral e aprobado o Regulamento electoral, o Presidente procederá no prazo sinalado no mesmo á convocatoria de eleccións á Asemblea Xeral. A partir dese momento, a Xunta Directiva, e o Presidente constituirase en Comisión Xestora, e someterán o Regulamento Electoral á ratificación pola Administración Deportiva Autonómica.

2.- A Comisión Xestora garantirá a máxima difusión e publicidade das convocatorias de eleccións á Asemblea Xeral e Presidente, así como, do Regulamento Electoral coas medidas previstas nas disposicións federativas a través dun medio que permita asegurala




recepción de dita notificación. Deberá expoñerse o Regulamento Electoral en cada circunscrición electoral o mesmo día da convocatoria.

3.-A Comisión Xestora administrará a Federación e convocará e realizará novas eleccións no prazo máximo de tres meses no caso de que non se presentara ningunha candidatura ou non fose válida ningunha das presentadas.


CAPÍTULO IV.- CIRCUNSCRIPCIÓN ELECTORAL

Artigo 66.- A circunscrición electoral poderá ser provincial ou única para toda a Comunidade Autónoma galega. Tal circunstancia reflectirase no Regulamento Electoral correspondente

CAPÍTULO V.- XUNTA ELECTORAL




Artigo 67.- 1.- a Xunta Electoral está composta por tres membros, elixidos por sorteo entre candidatos presentados . Designarase tamén os membros suplentes, en igual número e condición cos titulares.



2.- De entre os membros designado, o Presidente será o de maior idade, e actuará como Secretario o de menor idade.

3.- Os membros da Xunta Electoral non poderán figurar como candidatos á Asemblea Xeral e a Presidencia da F.G.S..



4.- A Xunta Electoral controlará todo o proceso electoral e terá competencia para coñecer e resolver as incidencias que se produzan sobre o Censo Electoral, presentación e proclamación de candidatos, proclamación de membros da Asemblea Xeral e Comisión Delegada e do Presidente da F.G.X., así como a decisión de calquera outras cuestións que afecten directamente á celebración das eleccións e ós seus resultados. Unha vez proclamados definitivamente os candidatos, levantará acta da votación e reconto e remitirá a Acta á Secretaría Xeral para o Deporte no prazo máximo de tres días.



CAPÍTULO VI.- MESAS ELECTORAIS

Artigo 68.- Para a elección dos distintos estamentos da Asemblea Xeral, constituiranse unha ou varias mesas electorais na forma establecida no Regulamento Electoral. Os membros destas mesas non poderán ser candidatos, asustándose no seu funcionamento ás normas que se establezan no Regulamento Electoral.

CAPÍTULO VII.-RECURSOS

Artigo 69.- As reclamacións e impugnacións que se presenten contra calquera acto electoral dirixiranse á Xunta Electoral e contra o que esta resolva caberá recursos ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva. Así mesmo caberá recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, contra tódolos actos, acordos ou resolucións da Xunta Electoral ou calquera outro órgano ou membros da Federación en materia electoral.

CAPÍTULO VIII.- ELECCIÓN DA ASAMBLEA XERAL

Artigo 70- 1.- Os membros da Asemblea Xeral serán elixidos cada catro anos coincidindo cos Xogos Olímpicos de Inverno mediante sufraxio libre, secreto, igual e directo entre e polos compoñentes dos distintos estamentos da F.G.X..

2.- As eleccións á Asemblea Xeral serán acordadas pola mesma que aprobará a convocatoria con tódolos requisitos que se establecerán no Regulamento Electoral, que así mesmo se aprobe.

3.- Acordada pola Asemblea Xeral a convocatoria de eleccións, o acordo será formalmente executado polo Presidente da Federación, quen asinará a mesma.

4.- Dende a convocatoria para a celebración desta Asemblea Xeral a Xunta Directiva e o Presidente constituiranse en Comisión Xestora, de acordo co disposto nos presentes estatutos.

Artigo 71.- Para ser candidato a membro da Asemblea Xeral requírese o cumprimento dos requisitos establecidos con carácter xeral nos presentes Estatutos.



Os requisitos esixidos para ser electores ou elixibles deberán terse cumpridos no día no que se publique a convocatoria de eleccións.

Artigo 72.- As eleccións á Asemblea Xeral realizaranse para cada un dos postos correspondentes ós estamentos integrantes da mesma de acordo co previsto nestes Estatutos e no Regulamento Electoral.

Artigo 73.- Os representantes das entidades deportivas na Asemblea Xeral serán elixidos, no caso que sexa preciso, por e entre os representantes dos que integran o censo de entidades deportivas inscritas no rexistro público da F.G.X. e no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia, no momento da convocatoria das eleccións e que cumpran os demais requisitos previstos na norma autonómica que resulte de aplicación

Artigo 74.- Os representantes dos deportistas na Asemblea Xeral serán elixidos por e entre os deportistas maiores de idade que cumpran os demais requisitos previstos na norma autonómica que resulte de aplicación

Artigo 75.- Os representantes dos técnicos, adestradores e dos Xuíces-árbitros na Asemblea Xeral serán elixidos por e entre os pertencentes a cada estamento, que cumpran os demais requisitos previstos na norma autonómica que resulte de aplicación

CAPÍTULO IX.- ELECCIÓN DE PRESIDENTE/A


Artigo 76.- Unha vez concluídas as eleccións á Asemblea Xeral, o Presidente da Comisión Xestora, previo acordo da mesma, procederá inmediatamente á convocatoria de dita Asemblea para elixir o Presidente e a Comisión Delegada da F.G.X..

O Presidente será elixido para un período de catro anos, coincidindo cos anos en que se celebren Xogos Olímpicos de Inverno, pola Asemblea Xeral, mediante sufraxio libre, directo, igual e secreto por tódolos membros de dita Asemblea Xeral previa a presentación e aceptación das candidaturas correspondentes que non terán que ser avaladas por membros da Asemblea Xeral.




Artigo 77.- Será elixido Presidente o candidato que obteña a maioría absoluta dos votos dos membros presentes . No caso de que ningún candidato alcance esta maioría procederase a unha segunda votación entre os dous candidatos máis votados, resultando elixido o que obteña a maioría de votos.

No suposto de que se presentara un só candidato, non se efectuará votación, sendo proclamado presidente o único candidato pola Xunta Electoral.



O Presidente electo deberá tomar posesión ante a Mesa de Idade na mesma sesión en que fose nomeado e, se non estivera presente, a Mesa deberá notificarlle de forma inmediata o nomeamento, dándolle prazo de tres días hábiles para que se presente no domicilio da F.G.X. e ante a citada Mesa, tome posesión do seu cargo. No suposto de que non se leve a cabo tal posesión no prazo e forma sinalados, a Presidencia quedará vacante e o Presidente da Mesa de Idade convocará con urxencia a Asemblea Xeral para o nomeamento do seguinte candidato mais votado ou apertura dun novo proceso electoral para elección de Presidente.



Artigo 78.- Para poder ser candidato a Presidente da F.G.X., haberán de reunirse as condicións seguintes:

- a.-Ter a condición de cidadán de Galicia, tal como dispón o Estatuto de Autonomía.
- b.-Ser maior de idade e estar en pleno uso dos dereitos civís.
- c.-Non estar incurso en ningunha sanción deportiva que o inhabilite, ditada polos órganos disciplinarios da F.G.X. ou polo Comité Galego de Xustiza Deportiva.
- d.-Non ter sido condenado mediante sentenza xudicial firme que leve anexa pena principal ou accesoria de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de cargos públicos.

Artigo 79.- A votación será mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto, non admitíndose o voto por correo nin por delegación das persoas físicas.



CAPÍTULO X.- ELECCIÓN DA COMISIÓN DELEGADA

Artigo 80.- Na mesa Asemblea Xeral convocada para a elección de Presidente, e unha vez realizada esta, procederase a elección dos membros da Comisión Delegada da Asemblea Xeral.


1.-A Comisión Delegada estará composta por un número de membros igual aos fixados nos regulamentos electorais, e ademais o Presidente da .F.G.X..

2.-Os membros da Comisión Delegada serán elixidos por e entre os integrantes da Asemblea Xeral, mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto.


3.-Serán elixidos membros da Comisión Delegada os que obteñan maior número de votos hasta cubrir o número de membros correspondente á Comisión Delegada



TÍTULO VI.- RÉXIME ECONÓMICA



Artigo 81- A F.G.X. está sometida ó réxime de administración, presuposto e patrimonio propio e caixa única.



1.-O tesoureiro someterá á Asemblea Xeral ordinaria un balance de situación e as contas de ingresos e gastos, memoria económica, así como o orzamento para a temporada seguinte, balance e presuposto que deberá ser notificado á Administración Deportiva Autonómica.

2.-Non poderá aprobarse un orzamento deficitario salvo autorización da Administración Deportiva Autonómica. Tampouco poderán repartirse beneficios entre os seus membros.


3.-A F.G.X. elaborará unha memoria que analizará fielmente a actividade económica da mesma, a súa adecuada actuación orzamentaria, o cumprimento dos obxectivos e os proxectos a desenrolar, e informará separadamente como mínimo sobre dos seguintes aspectos:



4.- Diferenciación dos ingresos e achegas económicas :



- a.-Subvencións públicas.
- b.-Subvencións, donativos ou achegas privadas.
- c.-Cotas dos seus socios
- d.-Ingresos procedentes de competicións organizadas.
- e.-Ingresos para servizos prestados pola Federación, permisos, licenzas e outros.
- f.-Rendementos de bens propios.
- g.-O importe das sancións pecuniarias que se impoñan aos afiliados de conformidade a lexislación vixente.
- h.- Calquera outros que lle podan ser atribuídos por disposición legal ou en virtude de convenio ou contrato

2.- Tamén constará o destino da totalidade dos recursos, distinguindo como mínimo os grupos de custo ou inversións seguintes:

- 
- a.-Administración da Federación.
 - b.-Dirección e Servizos da Directiva, incluíndo viaxes.
 - c.-Competicións.
 - d.-Axudas a clubs e outras entidades.
 - e.-Axudas para actos deportivos
 - f.-Construcións e outros inmovilizados.
 - g.-Formación de deportistas e técnicos.
 - h.-Deportes de elite e profesional.
 - i.-Árbitros.
 - k.-Órganos xurisdicionais.



5.- O importe das obrigacións de pago que é necesario satisfacer noutros exercicios que non estean previstos no balance.

6.- O importe das garantías e os avais comprometidos.

7.- A liquidación do presuposto, que explique as variacións en relación co presuposto aprobado na Asemblea anterior.

As contas anuais e os presupostos estarán no domicilio social da F.G.X. cunha antelación mínima de 10 días á data de celebración da Asemblea Xeral, a disposición das persoas



ou entidades con dereito a voto, na mesma, as cales poderán pedir copia que se lles entregará antes da celebración da Asemblea.

Artigo 82- Constitúen os ingresos da F.G.X.:

- a.-As subvencións ordinarias e extraordinarias da Xunta de Galicia ou as que outras Entidades públicas poidan concederlle, así como as que poida recibir, no seu caso da Real Federación Española da mesma modalidade deportiva.
- b.-Os bens ou dereitos que reciba por herdanza, legado ou doazón de persoas físicas ou entidades particulares así coma os premios que lle sexan outorgados.
- c.-As cotas dos seus afiliados.
- d.-As sancións pecuniarias que se lle poidan impor ós seus afiliados dentro do exercicio de potestade disciplinaria.
- e.-Os froitos, rendas e intereses dos seus bens patrimoniais.
- f.-Os prestamos ou créditos que se lle concedan.
- g.-Os beneficios que produzan as actividades e competicións deportivas que organice, así como os derivados dos contratos que realice.
- h.-Venda de bens inmobles, sempre coa autorización da Administración Autonómica.
- i.-Calquera outros que poidan serlle atribuídos por disposición legal ou en virtude de convenio.

Artigo 83- A F.G.X. destinará a totalidade dos seus ingresos e patrimonio á consecución dos fins do seu obxecto social.

Artigo 84- A xestión económica ordinaria correrá a cargo do Tesoureiro, baixo a dirección do Presidente, coidando das operacións de cobros e pagos. Autorizará coa súa sinatura, mancomunada ca do Presidente, ou ca do Vicepresidente autorizado, tódolos documentos de movementos de fondos. Será responsable de levar e custodiar os libros de contabilidade. Formulará os balances que anualmente, deberán presentarse á Asemblea Xeral para a súa aprobación.



Artigo 85.- A data do peche do exercicio económico será a do fin de ano 31 de decembro




TÍTULO VII.- RÉXIME DOCUMENTAL

Artigo 86- O réxime documental da FEDERACIÓN comprenderá, como mínimo, os seguintes libros debidamente dilixenciados:

- a.-Libro de rexistro da entrada e saída de documentos comunicacions oficiais.
- b.-Libro de rexistro de clubs nos que constarán a denominación destes, domicilio social e número de inscrición no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia, e número de inscrición na Real Federación Española de Ximnasia no seu caso.
- c.-Libros de actas que consignarán as reunións que celebren tódolos órganos colexiados da F.G.X., tanto de goberno e representación como complementarios e técnicos.
- d.-Libros de contabilidade.
- e.-Libro inventario de bens mobles e inmobles.
- f.-Rexistro dos membros da Asemblea Xeral e da Comisión Delegada no que deberán consta-los nomes dos titulares ou representantes legais e os domicilios para as citacións e comunicacións.



Artigo 87- O réxime documental da F.G.X. estará a cargo do/a Secretario/a Xeral, a quen lle corresponde a custodia dos libros da Federación, levanta-las actas das reunións dos órganos colexiados e, unha vez aprobadas, asinadas co visto e prace do Presidente, expedir certificacións, remiti-las certificación e acordos que procedan á Dirección Xeral para o Deporte e, en xeral, prepara-la resolución e despacho de tódolos asuntos.



No caso de ausencia ou imposibilidade física do Secretario, as súas funcións serán desempeñadas polo/a Secretario/a Técnico/a ou o/a Tesoureiro/a no seu defecto

TÍTULO VIII.- RÉXIME DISCIPLINARIO E XURISDICCIONAL

CAPÍTULO I.- DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 88.-O exercicio do Réxime Disciplinario Deportivo, no ámbito da práctica da ximnasia, regularase polo previsto na Lei 3/2012, de 3 de abril, do Deporte; sobre Disciplina Deportiva, nas súas disposicións de desenvolvemento; polas demais normas legais en vigor; polo disposto nos Estatutos da F.G.X., relativos aos Órganos Disciplinarios, polos



preceptos contidos no presente Regulamento e por calquera outras disposicións federativas.

Artigo 89 .-A potestade disciplinaria de la .F.G.X., esténdese sobre todas as persoas que forman parte da súa estrutura orgánica; sobre os clubs deportivos e os seus directivos, deportistas, técnicos, xuíces-árbitros, e, en xeral todas aquelas persoas e entidades que, estando federadas, desenvolvan actividades técnicas ou deportivas no ámbito estatal.

Artigo 90.- Non poderá ser castigada infracción ningunha, nin será aplicada sanción, que non estea previamente tipificada por as normas xerais de aplicación e polos presentes estatutos, como tal con anterioridade a súa perpetuación.

Artigo 91.- Terán efecto retroactivo as disposicións disciplinarias que favorezan aos inculpados.

Artigo 92.- Na determinación d a sanción aplicable en cada caso, deberase gardar a debida adecuación entre a gravidade do feito constitutivo da infracción e a sanción aplicada.

Artigo 93.- En ningún caso poderá impoñerse polos mesmos feitos ou infraccións sancións simultáneas, salvo que as mesmas teñan o carácter de accesorias da principal, de conformidade co previsto no presente Regulamento

CAPÍTULO II.-DA ORGANIZACION DISCIPLINARIA.

Artigo 94 .-ORGANOS DISCIPLINARIOS.

O exercicio da potestade disciplinaria da F.G.X., corresponde:

A.- Ao Comité de Competición que se nomeará para cada Competición organizada pola Federación Galega de Ximnasia.

B.- Ao Comité de Disciplina Deportiva da F.G.X. As resolucións ditadas polo mesmo esgotan a vía federativa, podendo ser recorridas ante o Comité Galego de Disciplina Deportiva, cuxa resolución esgota a vía administrativa.



C -Da súa composición daráselle conta a Administración Deportiva Autonómica correspondente.

Artigo 95 .- COMPOSICIÓN DO COMITÉ DE COMPETICION.

1.-O Comité de Competición estará composto por UN só membro que se nomeará pola F. G. X. para cada competición organizada por ela.

2.- Este Comité será o de primeira instancia para faltas ás regras de competición ou regras de xogo

3.-Este Comité contará para tomar a súa decisión con asesoramento, se fose preciso, do/a Xuíz responsable e do/a responsable federativo/a da Competición.

4.-Será responsabilidade deste comité:

- a.- Resolver todas aquelas reclamacións que sucedesen durante o desenvolvemento da competición para a que foi nomeado.
- b.- Dar resposta, en primeira instancia, aquelas denuncias, se as houberen. Esta debera de producirse nu praza de CINCO días a partir da data de recepción.
- c.- Redactar acta das reclamacións, incidencias que se puidesen producir, medidas adoptadas, testemuños recabados, así coma calquera outra circunstancia que fose de interese para posteriores reclamacións, se as houberen.

5.-Contra as decisións deste Comité poderase recorrer e nun período de CINCO días ante o Comité de Disciplina da F.G.X. que esgotará os recursos federativos.

Artigo 96.- COMPOSICION DO COMITE DE DISCIPLINA.

1-O Comité de Disciplina Deportiva estará composto por tres membros.

2- Será o comité de segunda instancia para as faltas as regras de xogo ou competición e de primeira instancia para as faltas deportivas.

3.-Todos os membros do Comité de Disciplina Deportiva serán designados por proposta do/a Presidente/a da F.G.X. e referendados pola Asemblea Xeral.

4-O Comité de Disciplina Deportiva contará, a ser posible, co asesoramento dun licenciado en Dereito.

5-No caso en que o Asesor Xurídico do Comité de Disciplina Deportiva non forme parte do mesmo exercerá con voz pero sen voto.

6-O Secretario Xeral da F.G.X, serao do Comité de Disciplina Deportiva con voz pero sen voto.



Artigo 97- DURACIÓN MANDATO E CESE

1.- A duración do seu mandato será de catro anos, correspondéndose cunha lexislatura presidencial

2.- Cesarán polos seguintes motivos

- Transcurso do tempo polo que foron nomeados
- Defunción
- Dimisión
- Expediente disciplinario no caso de que incorran en faltas graves ou moi graves, ou nalgunha das causas que impidan o exercicio da funcións públicas.

Artigo 98.- CONVOCATORIA DO COMITÉ DE DISCIPLINA

1.-O Comité de Disciplina será convocado polo/a Presidente/a, cun mínimo de 48 horas de antelación, por calquera medio que permita ter constancia da súa recepción, indicando a orde do día, que conterá os asuntos a tratar.

2.-Quedar validamente constituído cando asistan un mínimo de 2 dos seus membros, o asesor xurídico, se o houbese, e o Secretario Xeral.

3.-A ausencia do/a Presidente/a só poderá ser cuberta polo membro de maior idade.

4.-As decisións adoptaranse por maioría simple, en caso de empate o/a Presidente/a terá voto de calidade.

5.-Aqueles membros que disintan das decisións adoptadas poderán facer constar no acta os motivos que xustifiquen o seu voto discrepante, o cal liberáselle da responsabilidade da decisión adoptada.

6.-O/A Secretario/a levantará acta das reunións do Comité, facendo constar os asistentes, os asuntos tratados, e as decisións adoptadas.

CAPÍTULO III.-DAS INFRACCIÓNS E SANCIÓN DISCIPLINARIAS DEPORTIVAS.

Artigo 99.-Son faltas disciplinarias:

a.- As infraccións das regras de xogo ou competición. Regras emanadas nas normativas deportivas, neste regulamente, no propio estatuto federativos e na propia actual lexislación deportiva autonómica



b- As infraccións as normas xerais de conducta deportiva tal como están tipificadas nestes regulamentos, estatutos e normativa deportiva autonómica.


Artigo 100.- As faltas consideraranse clasificadas en moi graves, graves e leves. As sancións correspondentes aplicaranse en función a clasificación das infraccións

Artigo 101.- Consideraranse faltas moi graves as regras de xogo ou competición, ou as normas xerais deportivas as que seguen:

- a.- As actuacións dirixidas a predeterminar, mediante prezo intimidación ou simple acordo o resultado dunha proba ou competición
- b.- As agresións, comportamentos, actitudes e xestos agresivos antideportivos ou discriminatorios de federados ou persoas físicas que pertencen a federación.
- c.- O quebrantamento das sancións impostas
- d.- Os abusos de autoridade
- e.- A non execución ou desobediencia das resolucións do Comité de Disciplina da FGX ou do Comité Galego de Xustiza Deportiva.
- f.- A manipulación, xa sexa persoalmente ou a través de terceiros, do material ou equipamento deportivo en contra das regras técnicas cando poidan alterar a seguridade da proba ou competición ou poñan en perigo a integridade das persoas.
- g.- A falta, sen causa que o xustifique, a convocatoria das Seleccións Galegas ou a negativa da Entidade Deportiva de facilitar a súa asistencia.
- h.- A aliñación indebida ou non comparecer ou retirarse inxustificadamente das competicións.
- i.- A realización de actos que provoquen a suspensión definitiva do Campionato.
- k.- A manifesta desobediencia ás ordes e instrucións emanadas de directivos, directores de competición, xuíces - árbitros, técnicos e demais autoridades deportivas, tanto en competición como na práctica habitual de calquera actividade federativa que impliquen perigo para calquera outro participante ou practicante, ou para o público en xeral.
- l.- A violación de segredos en asuntos que se coñezan por razón do cargo desempeñado na F.G.X.
- m.- A denuncia de feitos falsos que de ser certos constituirían unha falta.
- n.- A reincidencia na comisión de faltas graves. Enténdese reincidencia cando sexa sancionado mediante resolución firme pola comisión de tres faltas graves nun ano.



Da infracción a que refire o punto e.- poderá ser responsable o/a presidente/a da federación, sen prexuízo das responsabilidades en puideran incorrer outras persoas físicas integrantes dos órganos federativos.



Artigo 102.- Son faltas graves as regras de xogo ou competición, ou as normas xerais deportivas as que seguen:

- a.-A falta de remisión en prazo ou de forma manifestamente incompleta, sen causa que o xustifique dos expedientes ou documentación e/ou información requirida polos comités de disciplina federativa ou do Comité Galego de Xustiza Deportiva.
- b. O incumprimento das ordes emanadas dos/as Xuíces/zas, do Comité de Competición e representantes federativos, así como das demais autoridades e órganos deportivos correspondentes.
- c.-Os actos notorios ou públicos que atenten contra s dignidade e decoros deportivos cando non revistan un carácter de moi graves.
- d- Ameazar, coaccionar ou realizar actos vexatorios, de palabra ou de obra, a un compoñente do equipo de xuíces - árbitros, a un Directivo, dirixente deportivo, membro do club contrario, deportista, técnico, espectador ou, en xeral, a calquera persoa.
- e.- Insultar ou ofender, de forma grave ou reiterada, ás persoas indicadas no parágrafo anterior.
- f.- A violación de segredos en asuntos que se coñezan por razón de pertenza a calquera dos órganos da F.G.X.
- g.-Calquera conducta obxectivamente considerada como gravemente atentatoria para a ximnasia en xeral, sempre que non se considere como moi grave.
- h.-.-A reincidencia na comisión de faltas leves. Enténdese reincidencia cando sexa sancionado mediante resolución firme pola comisión de tres faltas graves nun ano.

Das infraccións a que refire os puntos a.- e b.- poderá ser responsable o/a presidente/a da federación, sen prexuízo das responsabilidades en puideran incorrer outras persoas físicas integrantes dos órganos federativos

Artigo 103.- Son faltas leves as regras de xogo ou competición, ou as normas xerais deportivas as que seguen:



- a.- As conductas contrarias ás regras de xogo ou ás normas deportivas que non estean tipificadas como graves ou moi graves.
- b.- A incorrección co público, compañeiros o/ou subordinados
- O mostrar unha actitude pasiva no cumprimento das ordes e instrucións recibidas de xuíces, directivos, autoridades deportivas no exercicio das súas funcións.
- d.-Dirixirse aos xuíces - árbitros, compoñentes do equipo contrario, deportistas, directivos e outras autoridades deportivas, con expresións de menosprezo, ó cometer actos de desconsideración cara a aqueles.
- f.- Os comportamentos, actitudes e xestos manifestados en calquera actividade ximnástica, que inciten aos presentes en contra do seu normal desenvolvemento.
- g.- Expresarse de forma atentatoria ao decoro debido ao público, ou ofender a algún espectador con palabras ou xestos.
- h.- Provocar a interrupción anormal e temporal dun campionato.

CAPÍTULO IV.-DAS SANCIONES

Artigo 104 .- As sancións por faltas moi graves poderán ser:

- a.- Multa nunha contía non superior a 1.500 €. As multas so se poderán poñer as entidades deportivas ou aqueles, técnicos, xuíces, ximnastas, que segundo a Lei do Deporte de Galicia sexan considerados coma profesionais.
- b.-Perda de postos nas clasificacións.
- c.-Clausura do recinto deportivo por un período máximo dunha temporada.
- d.-Suspensión ou privación de licenza federativa, ou, de ser o caso, da inscrición no Rexistro de Entidades Deportiva ou de ocupar cargos federativos nun prazo máximo de cinco anos, en xusta proporción a infracción cometida.
- e.-Suspensión ou privación de licenza federativa, ou, de ser o caso, da inscrición no Rexistro de Entidades Deportiva ou de ocupar cargos federativos a perpetuidade. Esta sanción so se poderá acordar en casos excepcionais o por ter cometidas varias faltas de extraordinaria gravidade. Entenderíase se se fose sancionados por dúas ou mais faltas moi graves durante un anos ou en máis de cinco en catro anos.
- f.- Inhabilitación por un período de dous a catro anos, cando as infraccións sexan cometidas por directivos.
- g.- Destitución do cargo, cando as infraccións sexan cometidas polos directivos.

Artigo 105 .- As sancións por faltas graves poderán ser:



- a.- Amoestación pública
- b.- Multa en contía non superior a 1.000 €
- c.- Exclusión ou perda de postos , trofeos na clasificación da competición onde se produciron os feitos.
- d.- Suspensión ou privación de licenza federativa, ou, de ser o caso, da inscrición no Rexistro de Entidades Deportiva ou de ocupar cargos federativos nun prazo de un mes a dous anos, en xusta proporción a infracción cometida.
- e.- Suspensión dos dereitos de asociado ata un máximo de un ano

Artigo 106 .- As sancións por faltas leves poderán ser:

- a.- Apercibimento
- b.- Inhabilitación para ocupar cargos directivos ou suspensión de ata un mes. A suspensión de licenza afectará como mínimo a seguinte proba ou campionato do calendario da FGX no que o sancionado puidese participar

CAPÍTULO V.-DA RESPONSABILIDADE

Artigo 107.- Principio de proporcionalidade

1.-No establecemento de sanción pecuniarias deberase prever que a comisión das infracción tipificadas non resulte máis beneficiosa para a persoa infractora que o cumprimento das normas infrinxidas

2.-Na determinación do réxime sancionador, así coma na imposición das sancións das administracións públicas, deberase de gardar a debida adecuación entre a gravidade do feito e a sanción aplicada.

3.- Para graduar as sancións, teranse en conta:

- a.- As circunstancias concorrentes.
- b.- A natureza dos feitos.
- c.-As consecuencias dos efectos producidos.
- d.-A existencia de intencionalidade
- e.-A reincidencia
- f.-A concorrencia de circunstancias agravantes ou atenuantes

4.- En función das circunstancias previstas as sancións poderán aplicarse nos seus graos mínimo, medio ou máximo. No seu caso, de concorrer circunstancias atenuantes cualificadas poderán aplicarse sancións inferiores nun grao a prevista.



Artigo 108 - Das circunstancias modificativas da responsabilidade disciplinaria.

1.-Consideraranse circunstancias atenuantes:

a.- O arrepentimento espontáneo

b.- a existencia de provocación suficiente inmediatamente anterior á comisión da infracción.

2.-Serán consideradas como circunstancias agravantes

- a.- A reincidencia (Será reincidente aso cometer por o menos unha infracción máis da mesma natureza durante o ano.
- b.- A premeditación.
- c.-A aleivosía
- d.-A entidade do prexuízo económico ocasionado pola acción ou o número de persoa afectadas por a mesma

3.- Os órgano disciplinarios sancionadores poderán, no exercicio da súa función, aplicar a sanción no grao que consideren adecuado, ponderando, en todo caso a natureza dos feitos, a personalidade do responsable, as consecuencias da infracción e a concorrencia de circunstancias agravantes ou atenuantes.

Artigo 109.- Extinción da responsabilidade.

1.- A responsabilidade disciplinaria extínguese por:

- a.- Cumprimento da sanción.
- b.-Falecemento da persoa inculpada.
- c.-Por desaparición da entidade deportiva ou federación sancionadas.
- d.-Pola prescrición das infracción.
- e.- Pola prescrición das sancións.

Artigo 110.- Prescrición das infracción ou sancións

1.- As infracción moi graves prescribirán aos tres anos, as graves ao ano e as leves ao mes, comezándose a contar o tempo dende o día da súa comisión. O prazo de prescrición interrómtese no intre en que se comeza o procedemento sancionador. Se este se



permanecese paralizado durante máis de trinta días, sen ser causa imputable a persoa ou entidade deportiva suxeita ao mesmo, volverá correr o prazo. Se o proceso de tramitación do procedemento se reiniciase volverá interromperse o prazo de prescrición.

2.- As sancións prescribirán aos tres anos as moi graves, ao ano as graves e ao mes as leves. O prazo comezará a contarse a partir do día seguinte no que adquira firmeza a resolución pola que se impuxo a sanción, ou desde o momento que se quebrantase o seu cumprimento se esta xa comezase.

3.- No caso que unha persoa ou entidade deportiva que, sendo obxecto dun procedemento sancionador ou teña sido o sido obxecto dunha sanción firme, decida renunciar a súa pertenza á F.G.X., o tempo que estea fóra non se lle contabilizará a efectos de prescrición. No caso que volva pretenda volver antes dos tres anos da súa separación

CAPÍTULO VI.- PROCEDEMENTO DISCIPLINARIO

Artigo 111.- As actuacións do Comité de Competición durante o transcurso da propia competición en regras de xogo ou competición e do Comité de Disciplina da Federación Galega de Ximnasia, como vía de apelación as decisións do órgano anterior e de primeira instancia nas infraccións das normas xerais de conducta deportiva réxense por os procedementos que seguen.

Artigo 112.- Soamente poderán impoñer sancións disciplinarias en virtude de expedinte instruído ao efecto de acordo ao que refire nos presentes estatutos e ao disposto na lei 3/2012 do Deporte de Galicia, as normas que a desenroles e demais lexislación vixente.

Artigo 113.- procedementos disciplinarios

Artigo 114. Clases de procedementos.

1. Os procedementos para a imposición de sancións serán o abreviado e o ordinario.

2. O procedemento abreviado é aplicable para a imposición das sancións por infracción das regras do xogo ou da competición. deberá asegurar o normal desenvolvemento da competición. En todo caso, deberá asegurarse o trámite de audiencia ás persoas interesadas e o dereito ao recurso.



3. O procedemento ordinario será aplicable para as sancións correspondentes ás infraccións das normas xerais de conducta deportiva.

Artigo 115. Regras comúns aos procedementos.

1.- No non previsto neste regulamento , serán de aplicación supletoria as normas contidas na actual lexislación vixente , de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

2. -Os procedementos sancionadores respectarán a presunción de inexistencia de responsabilidade administrativa mentres non se demostre o contrario.

3.- As sancións impostas a través do correspondente procedemento disciplinario serán inmediatamente executivas, agás que o órgano encargado da resolución do recurso acorde a suspensión.

4. -As actas e informes subscritos polos xuíces ou comité de competición do encontro, da proba ou da competición constituirán medio documental necesario en conxunto da proba das infraccións ás regras e normas deportivas. Igual natureza terán as ampliacións ou aclaracións a aquelas.

5.-As manifestacións do comité de competición ou xuíz plasmadas nas citadas actas e informes presúmense certas, agás proba en contrario.

6.- Os interesados deberán ter coñecemento dos feitos que se lle imputan, así como as probas que existen ,podendo facer as manifestacións que considere oportunas na defensa do seu dereito.

7.- Os feitos relevantes para o procedemento e a súa resolución poderán acreditarse por calquera medio, podendo os interesados propoñer que se practiquen as probas necesarias ou aportar directamente cantas sexan para o correcto desenvolvemento do expediente.

En todo caso corresponderalle ao propoñente a responsabilidade e o custo da súa achega e/ou práctica.

8.-As reclamacións, as intencións de apelar ou as apelacións e as denuncias en materia disciplinaria deberán de presentarse en escrito presentado ante o Órgano correspondente e nos prazos marcados ao efecto.

9.- Os órganos Disciplinarios deportivos deberán , de oficio ou a instancia do instructor, comunicar ao ministerio fiscal aquelas infraccións que puideran revestir caracteres de delito ou falta penal.



10.- O mesmo deberán de facer no caso de que un feito puidera dar lugar á responsabilidade administrativa derivada da aplicación da lexislación en materia de violencia deportiva.

Artigo 116. Procedemento abreviado.

A.-As regras ás que se debe axustar o procedemento abreviado son as seguintes:

1. Iniciación:

- a.- O procedemento abreviado iníciase coa notificación da acta da proba ou competición, que reflecta os feitos que poden dar lugar a sanción, subscrita polo xuíz ou polo comité de competición.

No suposto de que os feitos susceptibles de ser sancionados non estean reflectidos na acta, senón mediante anexo ou informe, o procedemento iníciase no momento no que teña entrada na c federación o anexo da acta da competición ou documento no que queden reflectidos os feitos obxecto de axuizamento. Ademais, designarase unha persoa instrutora que exercerá as funcións de impulso na ordenación do expediente e de secretaria ou secretario, e serán aplicables as causas de abstención e recusación reguladas na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

- b.- Tamén se pode iniciar por instancia da parte interesada, sempre que a denuncia se presente nas dependencias da federación correspondente dentro do segundo día hábil seguinte ao día no que se realizase a proba ou competición.

2. Tramitación e resolución:

- a.- No prazo de dous días, que se contarán desde a notificación prevista na alínea anterior, as persoas interesadas poderán formular alegacións en relación cos feitos consignados na acta, no anexo ou na denuncia. Poderán propoñer ou achegar tamén, se é o caso, as probas pertinentes.

A proba deberá practicarse no prazo máximo dos dous días hábiles seguintes ao da súa admisión.

- b.- O órgano instrutor trasladaralle, no prazo máximo de dous días que se contarán a partir da presentación de alegacións ou da práctica da proba ou da súa denegación, ao órgano competente para resolver a proposta de resolución, para que, dentro do día seguinte, se dite resolución na cal se deben expresar os feitos imputados, os preceptos infrinxidos e os que habilitan a sanción que se impoña. Así mesmo, deben expresarse na mesma resolución os motivos de denegación das probas non admitidas se non se realizase con anterioridade.



3.-A resolución deberáselles notificar ás persoas interesadas, con expresión dos recursos que se poidan formular contra ela e do prazo para a súa interposición.

Artigo 117. Procedemento ordinario.

As regras ás que se debe someter o procedemento ordinario son as seguintes:

1. Iniciación:

- a.- O procedemento iníciase por acordo do órgano competente, de oficio ou por instancia de persoa interesada.
- b.- O acordo que inicie o procedemento conterá a identidade do instrutor, se é o caso do secretario, da autoridade competente para impoñer a sanción e a norma que lle atribúa tal competencia, o prego de cargos que conterá a determinación dos feitos imputados, a identificación da persoa ou das persoas presuntamente responsables, así como as posibles sancións aplicables. Este acordo deberáselle notificar á persoa interesada.
- c.- Serán aplicables ao instrutor e ao secretario as causas de abstención e recusación e procedemento establecidas na actual lexislación vixente relativo ao réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Tramitación:

- a.- Durante a tramitación do procedemento, o órgano competente para incoalo, de oficio ou por instancia do instrutor, poderá acordar en resolución motivada as medidas que considere oportunas para asegurar a eficacia da resolución que poida recaer.
- b.- O acordo de iniciación notificaráselles ás persoas interesadas e concederáselles un prazo dez días para contestar os feitos e propoñer a práctica das probas que conveña á defensa dos seus dereitos e intereses.
- c.- Practicaranse de oficio ou admitiranse por proposta da persoa interesada tantas probas sexan adecuadas para a determinación de feitos e posibles responsabilidades. Só se poderán declarar improcedentes aquelas probas que pola súa relación cos feitos non poidan alterar a resolución final a favor do presunto responsable.
- d.- Contestado o prego de cargos ou transcorrido o prazo para facelo, ou concluída a fase probatoria, o instrutor redactará a proposta de resolución ben



apreciando a existencia dalgunha infracción imputable –e neste caso conterà necesariamente os feitos declarados probados, as infraccións que constitúan e as disposicións que as tipifiquen, as persoas que resulten presuntamente responsables e as sancións que procede impoñer– ou ben propoñendo a declaración de inexistencia de infracción ou responsabilidade e o sobresemento con arquivo das actuacións.

- f.-A proposta de resolución notificaráselles ás persoas interesadas e concederáselles un prazo de dez días para formular alegacións e presentar os documentos que consideren pertinentes.

3. Resolución:



- a.-Recibidas polo instrutor as alegacións ou transcorrido o prazo de audiencia, remitiralle o expediente ao órgano competente para resolver.
- b.-A resolución do órgano competente pon fin ao procedemento común e dítase no prazo máximo de dez días hábiles.



FEDERACIÓN
GALEGA
XIMNASIA

Artigo 118. Lexitimación para recorrer contra as sancións.

1.-Están lexitimadas para interpoñer recurso en materia disciplinaria as persoas directamente afectadas pola sanción. Enténdese, en todo caso, por tales os deportistas, as súas entidades deportivas e as entidades deportivas participantes na competición. En todo caso poderase interpoñer recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo de un mes dende a notificación da sanción.



Artigo 119.- Publicación resolucións.

A F.G.de X. publicará na súa WEB as resolucións emanadas do Comité de Disciplina da citada entidade.

TÍTULO IX.- DA MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS E DA DISOLUCIÓN DA F.G.X..

Artigo 120- Os estatutos da F.G.X. só poden ser modificados pola Asemblea Xeral e de acordo co establecido nos presentes estatutos.

Artigo 121- A proposta de modificación dos estatutos deberá ser acordada polo Presidente ou Comisión Delegada da F.G.X. ou polo 25% dos membros da Asemblea Xeral,



sendo necesarios para a súa modificación, o voto favorable dos 2/3 dos membros presentes na Asemblea Xeral ordinaria/extraordinaria convocada a tal fin.

A reforma dos estatutos aprobada pola Asemblea Xeral, deberá ser ratificada pola Administración Deportiva Autonómica

Artigo 122- A F.G.X. extinguirase polas seguintes causas:

- a.-Por acordo da maioría de 2 / 3 dos membros da Asemblea Xeral referendado por maioría absoluta, por tódolos membros da F.G.X. a través de votación libre, igual directa e secreta.
- b.- Pola revogación do seu recoñecemento.
- c.- Por resolución xudicial.
- d.-Por integración ou fusión con outra federación deportiva galega.
- e.- Polas demais causas previstas no ordenamento xurídico.

Unha vez producida a liquidación, o patrimonio neto destinarase ós fins de carácter deportivo que determine a Administración Deportiva Autonómica.

X.- DISPOSICIÓN FINAL

Para o non previsto nos presentes Estatutos, aplicarase o que figure nos regulamentos da propia Federación, na lei 03/2012, Lei Xeral do deporte de Galicia e as súas normas de desenvolvemento cantas outras sexan de aplicación á Real Federación Española de Ximnasia, en canto sexan compatibles co ámbito e función da Federación Galega de Ximnasia.



FEDERACION
GALEGA
XIMNASIA

